

Conselliños literarios

Teño un curmán algo golfo e moi amigo dos chistes, dos cales sempre sabe o último e o máis coproloxicamente porcallento, ou o ultimísimo e máis rachador de todas as posibilidades de fantasía sexual que un poida imaxinar pero, como tamén quere ser escritor, agora está a reunir frases orixinais que emitiron sobre a escritura grandes autores da literatura universal. E como ademais anda un pouco anglófilo ultimamente pasoume unha selección da recolleita, toda ela en inglés, que o entretivo nestes últimos meses. E non está nada mal o que se di nesa especie de pensamentos aforísticos sobre a actividade de escribir.

Xa que estamos na Semana das Letras Galegas, pregunto eu, ou levemente insinuo, se estaría de máis tomarmos nota dalgún deles para tratar de nos exercitar un pouquiño na humildade ben entendida, esa grande ausente do mundo da literatura, ou dese mundo da cultura que, polo que parece, tamén Alfredo Conde observa con obxectividade, non sen deplorar, no fondo, o resultado da súa análise.

Acerca do síndrome do medo ao papel en branco, ou do *writer's block* (enténdese, ¿non?), alguén dixo que, se non o sentiches nunca, é que ti non es nin serás escritor. "Reescribe, reescribe, reescribe, e logo contempla o teu traballo con curiosidade", di outro destes consellos. Non está mal.

"Cala, e escribe", recomenda Natalie Goldberg. Non está nada mal tampouco, se temos en conta tanto despotrique de café como se oe por aí, emitido por xentiñas ágrafas que, a xulgar polo que din que farían elas se se puxesen ao labor, ameazan con nos deixar a caldo aos que temos a insolencia de andar emborranchando papeis con letras.

Moi a conto nesta época de consumismo estupidizante vén un consello de alguén que recomenda a quen escribe preguntarse a si mesmo/a se pagaría polo que acaba de redactar os catorce dólares e noventa e cinco centavos con que van atracar ao público na librería. E recomenda, ademais, ser honesto/a na resposta, porque se a ti, escritor ou escritora, non te entusiasma o teu libro menos entusiasmará ao lector.

Sempre proliferaron os pensamentos sobre a arte da escritura. Mesmo podemos recuar ata a antigüidade grega ou latina e atoparemos razoamentos dunha absoluta actualidade. Estes non os coñece o meu curmán porque nin en Atenas nin en Roma se falaba inglés daquela. Pero miren, por exemplo, o que dicía Epicteto, un filósofo estoico grego que cumpre por estas datas que andamos mil novecientos corenta e sete anos: "Se queres escribir, escribe", pensamento no que se condensan magnificamente todos os consellos que se poden dar a un catecúmeno ou catecúmena. E digo máis: é o único consello razoábel e honesto que se pode dar... se cho piden, que se non é mellor estar calado pois, de calquera maneira, ninguén cho vai agradecer. E nisto tíñache moita razón don Séneca (un cordobés que andaría agora polos dous mil anos), cando dicía que "ninguén escribe no seu diario os favores recibidos", que a ingratidade éche cousa de todos os tempos. A proba é que Lope de Vega dixo que o ingrato (e a ingrata, ¡claro!) "escribe o ben na auga e o mal na pedra".

De todos os xeitos, máis que os consellos, a min o que me gustan son os aforismos sobre a actividade de escribir, e destes hai un de Stendhal que vai a misa: "Quen escriba escuro que non se faga ilusións: ou se engana a si mesmo ou trata de enganar aos demais". Aí queda iso, que xa dixo Quevedo (¡non, lector!, non o dos chistes senón o gran poeta do século XVII): "Quen escribe para comer, nin come ni escribe", aínda que hoxe en día haiche moito persoal que escribe escuro e vive como comodiós, pero iso son cousas do papanatismo coprófilo do consumidor, que toma verdadeiros borradores por obras de arte, sen se decatar de que, como dixo Ernest Hemmingway, "o borrador de calquera cousa é unha... *shit*", traduce ti, lector, que eu son un home de ben, e meu curmán, o dos chistes, tampouco non me deu a tradución.